

## Anuncio

**BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL E FORMACIÓN DE BOLSAS DE EMPREGO Ó ABEIRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN QUE SE SUSCRIBIRÁ EN BREVES DATAS ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR E A ENTIDADE LOCAL PARA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIOS MEDIANTE A ACTUACIÓN DUN VEHÍCULO MOTOBOMBA DURANTE A VIXENCIA DO CONVENIO QUE SE SUBSCRIBIRÁ COA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

### **PRIMEIRO. NORMATIVA APLICABLE E OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

#### **A. NORMATIVA APLICABLE.**

##### **PRIMEIRA.- NORMAS XERAIS**

Normas de aplicación: As probas selectivas regularánse polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas polo establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 13 de xuño; no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outono, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP); na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia; na Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (LEPG); na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do Traballo en Igualdade das Mulleres de Galicia; no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, e no no previsto nel, no Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demáis disposicións aplicables.

##### **OBXECTO**

A presente convocatoria ten por obxecto a selección de **dos candidato/a** para o desempeño do posto de traballo de **ENCARGADO DO MANEXO DUN VEHÍCULO MOTOBOMBA** durante a vixencia do convenio para a prevención e defensa contra incendios forestais.

Nesta mesma liña, e co fin de non interromper a prestación deste concreto servizo de duración temporal, aqueles candidatos que superen o proceso selectivo pero que non acaden a puntuación precisa para ser propostos para a contratación por esta entidade, pasarán a formar parte dunha lista para posibles baixas ou substitucións.

Así mesmo, o presente procedemento selectivo servirá de bolsa de emprego válida para o ano 2024, que se constituirá con todos os candidatos que superen o proceso selectivo ordenados pola puntuación obtida.

No suposto de que o candidato seleccionado non deseñe suscribir o contrato laboral temporal ou unha vez suscrito, dimita ou se extinga a relación laboral de mutuo acordo, o concello notificará ó seguinte candidato que tivese superado a puntuación esixida no proceso selectivo

se éste non quixese formalizar o contrato procederáse da mesma maneira cos seguintes candidatos.

##### **SEGUNDO.- FUNCIÓNS.**

O persoal encargado do manexo do VMB realizará labores de prevención, extinción e defensa contra incendios forestais.

Dentro das labores preventivas poderán realizar obras de construcción, mantemento de infraestructuras de defensa contra incendios forestais que diminua a propagación e minoren os danos dos incendios, no caso de producirse. Estes labores desenvolveránse sempre dentro do ámbito territorial do concello.

O VMB colaborará na extinción de incendios forestais integrándose no dispositivo de emerxencias do Distrito Forestal onde se sitúa o concello.

Así mesmo, cando concorran razóns extraordinarias, poderán colaborar na defensa de incendios declarados noutras ámbitos territoriais, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

Outras funcións que poida fixar a Consellería do Medio Rural no Convenio.

O persoal encargado do manexo do VMB deberá ter plena dispoñibilidade horaria, incluíndo domingos e festivos, así como as quendas de noite necesarias e o vehículo deberá estar operativo alomenos 16 horas ao día.

##### **TERCEIRA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES**

Para participar nas probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 56 do EBEP e Art 50 e 52 da LEPG, referidos todos e cada un deles á

data de remate do prazo de presentación de solicitudes e deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

a) Nacionalidade:

a.1) Ter a nacionalidade española.

a.2) As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.

a.3) As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que no estean separadas de dereito.

a.4) As persoas, calquera que sexa súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinteún anos ou maiores de dita idade dependentes.

a.5) As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinteún anos ou maiores de dita idade dependentes.

a.6) As persoas incluidas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

a.7) Estar en posesión do carnet de conducir tipo C.

a.9) Posuir aptitude física para a o desempeño dos traballos.

b) Capacidad funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións. En concreto, son excluientes as lesións de corazón, pulmón ou intestinais, os transtornos psicolóxicos, as incapacidades do aparato locomotor, as enfermidades contaxiosas e a obesidade, a cegueira e a sordeira. Nas mulleres tamén será excluiente o embarazo.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación, emitida polo órgano competente. Os aspirantes con discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

c) Idade: ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Habilitación: non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escasas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) Titulación: certificado de escolaridade ou equivalente.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro se deberá de estar en posesión do documento que acredite de xeito fidedigno a súa homologación.

f) Acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel de Celga 2 (ou o curso de iniciación, nos termos establecidos na disposición adicional 1ª da Orde de 16 de xullo de 2007). Se non se pode acreditar este concreto requisito, poderase acceder ó proceso selectivo pero será necesaria a realización dun exercicio, segundo se especifica na cláusula cuarta, artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril de emprego público de Galicia.

## CUARTA.- SISTEMA SELECTIVO

O proceso de selección consistirá na realización dunhas probas selectivas e nunha entrevista curricular relacionada coa extinción de incendios e a operatividade do vehículo.

**Realizarse un recoñecemento médico** que garante a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais dos postos de traballo convocados á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto, segundo o establecido como excluiente na base 3, letra b). No suposto de que o resultado sexa non apto, o candidato ainda que superase as probas selectivas non poderá ser contratado.

**1ºEXERCICIO: PROBA FÍSICA COMÚN A TÓDOLOS POSTOS DE TRABALLO:** que consistirá na superación da proba do banco ou de mochila, determinada no convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural para a participación e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa. Este exercicio é eliminatorio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto.

**2ºEXERCICIO:** unha proba práctica consistente na conducción do vehículo motobomba municipal ó longo dun percorrido que lle sinala ó candidato , co fin de avaliar os seus coñecementos e pericia do manexo do citado vehículo, así como funcionamento da bomba, enchido de cisterna, valeirado do corpo da bomba, etc. O candidato será acompañado polo examinador ou examinadores (un dos membros do tribunal con coñecementos específicos no manexo e conducción deste tipo de vehículos), quen valorará a actuación de cada un dos aspirantes. Para superar este ejercicio será necesario acadar un mínimo de 5 puntos e puntuará ata un **máximo de 10 puntos. Este ejercicio terá carácter eliminatorio.**

A calificación do primeiro exercicio adoptarase segundo a avaliación realizada polo membro anteriormente citado.

**3ºEXERCICIO: ENTREVISTA CURRICULAR E PROBA SOBRE COÑECIMENTOS SOBRE A OPERATIVIDADE DO VEHÍCULO MOTOBOMBA:**

**A.- ENTREVISTA CURRICULAR:** consistirá na contestación a preguntas formuladas polos membros do tribunal, co fin de afondar sobre cuestións curriculares dos/as aspirantes. A puntuación máxima a obter por este apartado será de 5 puntos.

A cualificación será a media aritmética da puntuación outorgada por cada membro do Tribunal.

O tempo para realización desta proba serán 30 minutos

**B-PROBA SOBRE COÑECIMENTOS SOBRE A OPERATIVIDADE DO VEHÍCULO MOTOBOMBA:**

Proba de coñecementos sobre a operatividade do vehículo, tales como: lanzamento de auga, enchido da cisterna, vaciado, manexo das bombas, mantenimento e doutras cuestións, co fin de valorar a súa aptitude para as funcións do posto de traballo a desenvolver, segundo o temario que se une a estas bases, anexo I.

A puntuación máxima a obter por este apartado será de 5 puntos. O tempo para realización desta proba serán 30 minutos

A cualificación será a media aritmética da puntuación outorgada por cada membro do Tribunal.

A calificación total do 3º exercicio será de 10 puntos como máximo e obterase sumando a obtida no apartado 3.A e a obtida no apartado 3.B. Para superar este exercicio será necesario acadar unha puntuación total mínima de 5 puntos.

**4º EXERCICIO: GALEGO:** obligatorio para aquelas persoas que non poidan acreditar o coñecemento de galego no nivel CELGA 2 ou equivalente (curso de iniciación de galego, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega, publicada no DOG nº 146, de 30 de xullo de 2007).

Os candidatos que se atopen na circunstancia anterior deberán realizar un exame consistente en traducir un texto sen dicionario, elixido libremente polo tribunal, do castelán ao galego.

Esta proba terá unha duración de 20 minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto. O tribunal decidirá o nivel preciso para acadar o resultado de apto.

A puntuación total virá determinada pola media das puntuacións obtidas nos exercicios 1º e 2º.

O tribunal elevará proposta de contratación temporal ao órgano competente dos **dous** candidatos/as que obtivesen máis puntuación. Así mesmo, elaborará unha lista de espera

(bolsa) para baixas, substitucións ou realizar contratacóns para 2024 cos candidatos que superaron os exercicios pero non obtiveron a puntuación máxima para seren contratados.

**QUINTO.- ANUNCIO DA CONVOCATORIA E SOLICITUDES E ADMISIÓN DE ASPIRANTES.**

As presentes bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de edictos do concello e na páxina web [www.concellodocorgo.com](http://www.concellodocorgo.com) e na sede electrónica do concello do Corgo [concellodocorgo.sedelectronica.gal](http://concellodocorgo.sedelectronica.gal).

As instancias para poder tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante o modelo que figura no anexo II da presente convocatoria, dirixido ao alcalde, presentándose no Rexistro Xeral do Concello, na sede electrónica [concellodocorgo.sedelectronica.gal](http://concellodocorgo.sedelectronica.gal) ou a través de calquera dos medios que prevé o artigo 38 da Lei 39/15 de 1 de outubro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, (en sucesivas mencións LRJPAC), no seu artigo 38, no prazo de cinco **(5) días hábiles seguintes, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.** Se o último día de prazo coincide con sábado, domingo ou festivo, entenderase que o prazo remata o primeiro día hábil seguinte.

Xunto coa solicitude, os aspirantes manifestarán que reúnen tódolos requisitos da convocatoria e aportarán copia da documentación acreditativa dos méritos ou títulos que alegan, no caso de que proceda a sua valoración ou sexa un documento imprescindible. ( por exemplo: carnet de conducir)

Cando existan dúbidas derivadas da calidade da copia, o concello poderá solicitar o cotexo das copias aportadas para o que poderán requerir a exhibición do documento ou da información orixinal.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de **DOUS (2) días hábiles**, que se publicará no taboleiro de anuncios do concello e na páxina Web ([www.concellodocorgo.com](http://www.concellodocorgo.com)), e na sede electrónica do concello do Corgo, admitindo ou inadmitindo aos solicitantes, indicando a causa de exclusión neste último caso, e abríndose **un prazo de DOUS (2) días hábiles para a subsanación de defectos**, contados a partires do seguinte ao da súa publicación nos referidos medios, para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Na publicación indicarase o nome e apellido, con catro cifras numéricas aleatorios do DNI dos aspirantes, con indicación dos que non precisan a realización do exercicio de galego.

Rematado o prazo de subsanación, ditarase resolución nun prazo máximo de **DOUS (2) días hábiles**, a contar a partir do seguinte á finalización do prazo anterior, elevando a definitiva a lista de admitidos e excluídos, así como os candidatos que teñan que realizar o exercicio de galego, e nela se sinalará a composición do tribunal cualificador. A estimación ou desestimación das ditas peticionés de correccións entenderanse implícitas na resolución pola que se aprobe e ordene a publicación da lista definitiva de admitidos e excluídos.

Non obstante, o feito de figurar na lista definitiva de admitidos non prexulta que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos na base terceira das presentes bases.

Os datos personais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados únicamente para o fin da presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente legislación, así como para a tramitación dos recursos tanto en vía administrativa como xudicial que se poidan interponer. Tamen se empregan para recabar información doutras Administracións públicas ou en cuestións referentes a empregados públicos (por ex: incompatibilidade).

Contra a resolución do alcalde pola que se declaren definitivamente excluídos do proceso selectivo, o/a interesado/a poderá interpoñer recurso de reposición no prazo de un mes, a contar desde o día seguinte a publicación no taboleiro de anuncios da devandita resolución, ou ben directamente o recurso contencioso administrativo, no de dous meses desde a citada data.

Non se poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición ou se producise a súa desestimación presunta.

## **SEXTA- TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

### **6.1 Composición:**

De conformidade con canto se establece polo artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empleado público, o tribunal terá a seguinte composición:

- Presidente: Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ó posto convocado.
- Secretario: Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ó posto convocado.
- Vogais: Tres empregados/as públicos con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ó posto convocado.

O nomeamento dos membros do tribunal e os seus suplentes, realizarase por Decreto do alcalde, e publicarase no taboleiro de anuncios, e na páxina web do concello ([WWW.concellodocorgo.com](http://WWW.concellodocorgo.com)) e na sede electrónica do concello do Corgo [concellodocorgo.sedelectronica.gal](http://concellodocorgo.sedelectronica.gal)

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do presidente e do secretario ou dos que legalmente os substitúan.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal. A colaboración pode consistir na elaboración dos informes médicos e das probas físicas que sirvan para acreditar a aptitude física para o desenvolvemento do posto de traballo.

Os membros do tribunal, así como os asesores ou colaboradores, que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas, agás que estean prestando servizos nesta entidade local.

## 6.2 Adopción de acordos:

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración dos méritos.

Concluidas as probas, elevarase a proposta ao alcalde de candidatos que superen o proceso selectivo para que dicte a correspondente resolución ordenando a formalización do correspondente contrato laboral temporal. En ningún caso a proposta dos candidatos que superen o proceso selectivo poderá exceder do nº de plazas convocadas. Así mesmo, elevarase proposta de bolsa de emprego válida para o ano 2024.

O mesmo día de celebración das probas elevarase proposta dos candidatos seleccionados que vinculará á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poda proceder a súa revisión, consonte ao establecido nos Art. 106 e seguintes da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico de procedemento administrativo común das administracións públicas. Os seus acordos só poderán impugnarse de acordo coa Lei citada.

## 6.3 Data e lugar de constitución do Tribunal

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. Na mesma **resolución na que se aprobe a lista definitiva de admitidos e excluidos** se sinalará a **composición do tribunal cualificador, a data e hora na que se constituirá para valorar os méritos dos aspirantes admitidos**.

### 6.4.- Abstención e Recusación.

Os membros dos tribunais deberán abstenerse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei da 40/2015, de 1 de outubro de Réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles alguma das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 24 da citada lei

## SÉTIMA.- APORTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN DO CANDIDATO/A SELECCIONADO/A

Os candidatos propostos deberán achegar no prazo de 3 días, a contar a partir do día da publicación no tablón de edictos da sede electrónica a seguinte documentación, salvo que xa a presentara anteriormente, xunto a instancia de participación:

1) Copia compulsada do DNI ou documento de identificación do extranxeiro ciudadano dun Estado membro da UE.

2) Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

3) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ó emprego público.

4) Declaración xurada de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ó momento da súa toma de posesión.

Os/as aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base, e agás nos caso de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3<sup>a</sup>, non poderán ser contratados e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude de participación.

## OITAVA. FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS DE TRABALLO

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesados, o alcalde resolverá o proceso selectivo e se procederá a formalización do contrato laboral temporal por obra o servizo determinado a tempo completo conforme a lexislación vixente.

## NOVENA. IMPUGNACIÓN.

Contra as presentes bases, sendo que o seu acordo aprobatorio é definitivo en via administrativa, poderase interpor polos interesados lexítimados os seguintes recursos:

- Con carácter potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto recurrido en prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP. Se transcurrira un mes dende o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición, sen que este fora resolto, poderá entenderse que foi desestimado para interpor o recurso contencioso-administrativo, á súa elección, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de seis meses.

- Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP.

Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do tribunal, poderán ser interpostos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/98, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa

O Corgo, 6 de maio de 2024.- O Alcalde, Felipe Labrada Reixa.

#### **ANEXO I**

##### **TEMA 1. COMPORTAMENTO DO LUME: O INCENDIO FORESTAL.**

- DEFINICIÓN DE INCENDIO FORESTAL.
- FORMAS DE PROPAGACIÓN DA CALOR NO MONTE.
- PARTES DUN INCENDIO.
- FORMA DOS INCENDIOS.
- TIPOS DE LUME.
- FACTORES QUE INFLÚEN NO COMPORTAMENTO DO LUME.

##### **TEMA 2. EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIIS.**

- ESTADOS DO INCENDIO.
- ORGANIZACIÓN PREVIA Ó COMBATE.
- COMBATE DO INCENDIO.
- TÉCNICAS DE EXTINCIÓN.
- ACCIÓNS TRALO INCENDIO: O RELEVO.

##### **TEMA 3. SEGURIDADE PERSOAL.**

- UNIFORME E EQUIPO DE PROTECCIÓN PERSOAL.
- PRECAUCIÓN XERAIS.
- PRECAUCIÓN NO USO DE FERRAMENTAS MANUAIS.
- PRECAUCIÓN NO EMPREGO DE FERRAMENTAS A MOTOR, DE VEHÍCULOS MOTOBOMBA, DE MAQUINARIA PESADA, DE MEDIOS AÉREOS, E NO TRANSPORTE.
- PRECAUCIÓN NOS CONTRALUMES.
- PRECAUCIÓN Ó MANEXAR RETARDANTES.

##### **TEMA 4. ORGANIZACIÓN DO SERVIZO DE DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIIS**

- CONCEPTO, OBXECTIVOS E ESTRUTURA ORGANIZATIVA.
- ÉPOCAS DE PERIGO.
- ORGANISMOS QUE INTERVEÑEN E COORDINACIÓN ENTRE ELES.
- PROCEDIMENTO OPERATIVO.

##### **TEMA 5. REDE DE COMUNICACIÓN POR RADIO.**

- CANLES E EQUIPOS EMPREGADOS.
- NORMAS PARA O EMPREGO DA REDE DE TRANSMISIÓN.

##### **TEMA 6. O XEFE DE CUADRILLA.**

- FUNCIÓN S E RESPONSABILIDADES.
- A ORGANIZACIÓN DA CUADRILLA.
- ACTUACIÓN DO XEFE DE CUADRILLA DURANTE A PREVENCIÓN E NA EXTINCIÓN DE INCENDIOS.

**ANEXO II.- Modelo de instancia:**

Dna./D....., con DNI o documento de extranjero nº....., con domicilio aos efectos de notificación en....., nº de teléfono.....,

**EXPÓN:**

Que reúno tódalas condicións esixidas polas bases da convocatoria para participar no proceso selectivo para \_\_\_\_\_, convocatoria anunciada no BOP nº ..... , de data .....

En virtude do que, solicito ser admitido para participar no proceso de selección da referida convocatoria, presentando a documentación seguinte:

- 1.- Fotocopia compulsada do DNI ou tarxeta de extranxeiro
- 2.- Fotocopia compulsada do carnet tipo C, e do título CELGA 2 ou curso de iniciación.
3. Certificado de escolaridade ou equivalente

Outra documentación: \_\_\_\_\_

O Corgo, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

**NOTA:** Os datos de carácter persoal poderán ser tratados para futuras contratacións, de conformidade coa Lei 15/99, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

**Sr. Alcalde do Concello do Corgo**